

MANIFESTACION E FOLGA NO ENSINO

Unhas 50.000 persoas entre docentes e estudiantes, saíron o 21 de xaneiro da Alameda de Santiago convocados pola plataforma 'Queremos Galego' para protestar contra a proposta de decreto do idioma no ensino da Xunta, que establece unha repartición das materias en tres terzos entre o castelán, galego e unha lingua estranxeira.

Aquí estiveron todos sindicatos e profesorado , todos as organizacións estudantís, todos os movementos de educación pedagóxica, toda a comunidade educativa A cabeceira chegou á Praza do Obradoiro aproxiadamente ás 12.15 horas e, media hora máis tarde, a cola da manifestación ainda non saíra da Alameda. De feito, os sindicatos CC.OO e UXT quedaron fóra da praça, do mesmo xeito que o PSDEG, que tardaron preto de dúas horas en alcanzar o Obradoiro

Frases recollidas nos distintos xornais:

- Berro unánime da sociedade galega"
- Miles de persoas mobilízanse na cuarta protesta a prol do galego da lexislatura
- Queremos Galego fala dun 90% de seguimento á folga
- Un cento de xuristas ve "indicios claros de ilegalidade" no decreto
- Feijóo recúa e xa abre a porta a manter galego e castelán ao 50%
- Galego, Patrimonio da Humanidade súmase á protesta
- Compostela berrou alto, claro e en galego



Superturonio

EQUIPO DE NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA
IES TERRA DE TURONIO

Compostela, 21 de xaneiro de 2010


MULTITUDINARIA MANIFESTACION EN DEFENSA DO GALEGO'



O meu tesouro vivo

O meu tesouro vivo está representado na persoa da miña avoa. Chámasse Divina, ten setenta e catro anos, e ás veces cóntame historias moi interesantes como a da Ponte da Ramallosa: *"conta a lenda que as mulleres que non podían ter fillos ían á Ponte da Ramallosa e pedí-anlle ao primeiro home que pasase pola ponte a medianoite que lle vertería auga do río no ventre. Si o home aceptaba, convertíase en padriño da criatura que nacese"*. Esta tradición perdurou ata hai poucos anos, e a día de hoxe ainda viven padriños e afillados deste costume.

Brais Figueira Pérez



Miña avoa é o meu pratrimonio vivo, ela sabe moitas cousas sobre o campo, a cociña e os animais.

O que sabe sobre o campo é incréibel. Ela di que plantar cando a lúa está decreciente favorece para ter bons cultivos. Isto aplicaos cos animais dun xeito parecido: a femia animal parirá no cambio de lúa.

Ela sabe moito de cociña. Ensinoúme a facer un bo cocido: botaslle feixóns, medio polo, un pouco de carne de tenreira, do porco, (as orellas, a pata e uns chourizos), despois grelos e patacas. Preferiblemente todo da casa e xa tes un bo cocido.

Susana González Pereira.

De costas cara ao mar



Os problemas do mar resólvense na terra.

A piratería, fronte ao que todos pensabamos, non é un problema actual. José González e Antonio Ferreira vivirono desde hai moito tempo. O que ocorre é que só transcendan aqueles casos más espectaculares. Non obstante, os "encontros" cos piratas veñen de antigo. E non só se limitan á zona de Somalia, senón que todos os mares teñen os seus. O único que os diferencia é a maneira de actuar: uns, asaltan os barcos co obxectivo de roubarles as pezas de valor, mentres que outros secuéstranos e piden un rescate por eles.

Ata o de agora, os mariñeiros non tiñan maneira de resolver estes ataques. Grazas ao caso do Alakrana eses problemas sairon á luz pública e iso obrigou ao goberno a buscarlle unha solución. Porén, semella que a idea do goberno non callou entre os mariñeiros. Eles consideran estas medidas insuficientes porque pensan que non resolven o verdadeiro problema: *"A solución sería que os políticos puxeran medidas para desmontar o tinglado que teñen montado os ingleses e somalís"*, dixo José González, capitán do barco Albacora. Até o de agora todo segue igual. Eles séntense esquecidos por unha sociedade que vive de costas aos seus problemas. Con esta pequena crónica pretendemos achegar á terra a vida do mar.

Agradecemos a José González e a Antonio Ferreira os seus testemuños, que nos axudaron a aproximarnos a este mundo tan descoñecido.

Resumo da crónica: De costas ao mar

Feito por: Rubén Alonso, Jonathan Martínez, Antonio González, Leticia Cameselle, Carla Guisande, Andrea Matos, Ana Fernández, Andrea Ferreira e Mar Quintas.